

ANUNCIO

ÓRGANO: ALCALDÍA (Resolución 549/26)

DATA: 28.05.2026

PREZO PÚBLICO POLA ACTIVIDADE DO DESCENSO DO ULLA 2026

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase a contía para a participación no Descenso do Ulla 2026, que terá lugar o día 27 de xuño de 2026.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Persoas participantes da actividade e, no seu caso, os pais, titores ou responsables dos menores de entre 13 e 18 anos que se inscriban na actividade.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola inscrición é de **30 euros**.

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase no momento da inscrición (formulario na páxina web municipal, www.concellodevedra.gal) mediante o ingreso na conta municipal aberta na entidade bancaria ABANCA ES44 2080 0330 1731 1000 0020 indicando no concepto “DESCENSOULLA_NomeApelidos”

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa maior: enfermidade ou outras análogas.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 29 de maio de 2026

O Alcalde (documento asinado dixitalmente)